

## UN OLLO DE VIDRO, por CASTELAO.

Unha volta mais teríamos que dicir qu' o humorismo é a cousa mais seria qu' hai no mundo... «Debaixo do humorismo hai sempre unha grande door; por iso no ceo non hai humoristas», escribeu Mark Twain, é estas verbas sirven de lema ó Castelao pra sua tremenda novela d'esqueletes. E despois, dí pol-a sua conta: «Eu son dos que estruchan a cara prá palpal-a propia calivera e non fuxo dos cimeterios endexamais.» E o gran humorista fainos unha estórea macabra. O *macabrismo* é un dos aspeutos mais dinos d'estudo na arte do Castelao, cousa n'il e cecais nos outros, de cote xungida ó humorismo. O humor é cousa das xentes refleisivas do Norte; é por de contado, cousa allea á Antiguidade clásica. Pois ben: o macabrismo é cousa do Norte e da Edade Media. E pol-o tanto cousa nosa. O macabrismo do Castelao é o macabrismo dos primitivos flamengos, qu' il tanto ten estudiado. Il mesmo é un primitivo, un medievalista, con toda a gracia, e o espiritualismo, e o puro e san rusticismo popular das almas prerenacentistas. E o que queda en nós de puro e de bo, o que nos fai comprender ó Castelao.